



**RESOLUCIÓN PARA O PAGAMENTO PREVENTIVO DOS SOLICITANTES
DE BOLSA CURSO 2003/2004**

A Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes (MECD) do 25 de xuño de 2003 (BOE do 7 de xullo) pola que se convocan bolsas e axudas ó estudio de carácter xeral, para o curso académico 2003/2004, para alumnos de niveis postobrigatorios non universitarios e universitarios que cursen estudos na súa comunidade autónoma, establece no art. 59.2 a posibilidade de esixir o pagamento preventivo dos prezos públicos por servizos académicos ós alumnos que non cumpran os requisitos establecidos na devandita orde para a obtención dunha bolsa.

A Resolución da Secretaría de Estado de Educación e Universidades do 25 de xuño de 2003 (BOE do 8 de xullo), pola que se convocan bolsas e axudas de mobilidade para os alumnos universitarios que cursan estudos fóra da súa comunidade autónoma, especifica no seu artigo 25 que en tódolo non previsto en dita convocatoria sexa de aplicación a orde que regula as bolsas de carácter xeral.

POR TODO O EXPOSTO RESOLVO

PRIMEIRO.- Os alumnos solicitantes de bolsa xeral ou de mobilidade que non reúnan os requisitos académicos esixidos nas respectivas convocatorias de bolsas, e que figuran clasificados por titulacións, renovadas e non renovadas, e unidades de xestión académica, nos cadros do **ANEXO II** a esta resolución deberán aboar os prezos públicos por servizos académicos no momento de formalización da matrícula, a excepción dos que se atopen nalgunha das situacións que se relacionan no **ANEXO I**.

SEGUNDO.- Sen prexuízo do pagamento preventivo dos prezos públicos por servizos académicos, a solicitude de bolsa deberá tramitarse conforme ó procedemento establecido.

TERCEIRO .- No suposto da posterior concesión da bolsa ou axuda ó estudio, incoarase, de oficio, expediente de devolución do importe aboado en concepto de matrícula, e soamente polos estudos e importe amparado pola concesión da bolsa.

DISPOSICION FINAL.- Autorízase á vicerrectora de Estudiantes a dictar as instrucións de servizo que se estimen convenientes para adecuar o procedemento establecido na convocatoria ás normas da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2003


O RECTOR

Senén Barro Ameneiro

SR. VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO
SRA. VICERRECTORA DE ESTUDIANTES
SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO
SR. XEFE DO SERVICIO DE AXUDAS E SERVICIOS O ALUMNADO
SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA



ANEXO I

PRIMEIRO.- Requisitos académicos de carácter xeral

1. Nos cadros do **Anexo II** establécese o mínimo de créditos nos que se deberá matricular o alumno que solicita bolsa, o número de créditos pendentes en función do matriculado e a nota media.
2. Os créditos ou **materias pendentes** que lle poden quedar ó alumno son o **40%** dos créditos matriculados ou **3 materias** nos estudos de escolas técnicas superiores e enxeñerías técnicas e o **20 %** ou **1 materia** nos demais estudos.
3. A **nota media** mínima esixible é de **4 puntos nas ETS e enxeñerías técnicas** e de **5 puntos** nos demais estudos. O cálculo da nota media realizarase segundo o establecido no art. 31 da orde que regula a convocatoria de bolsas.

SEGUNDO.- Matrícula mínima

1. O requisito de matricularse nun número mínimo de materias ou créditos decae no caso de cursos completos con menos materias/créditos dos esixidos .
2. Non se terá en conta este mínimo cando, para finalizar os estudos, ó solicitante lle queden menos materias ou créditos por razón dun mellor aproveitamento académico no curso ou cursos precedentes.
3. Os alumnos procedentes dun primeiro ciclo, que acceden a un segundo ciclo e poden realizar os complementos de formación ó longo deste segundo ciclo, poden reunir os requisitos académicos de dous xeitos:
 - a) Matricularse só en todos os créditos que correspondan ós complementos de formación. Neste caso a axuda será só para o pagamento dos prezos públicos.
 - b) Se realizan os complementos de formación ó longo do 2º ciclo **non se terán en conta para o cómputo os complementos que validen ou xa teñan feitos no 1º ciclo**. O mínimo de créditos nos que se deberá matricular é:

- Se cursan menos de 30 créditos de complementos de formación os créditos mínimos para ter dereito a bolsa son:

$$CM = \frac{CF + CT - CL}{NA}$$

- Se cursan 30 ou máis de 30 créditos de complementos de formación os créditos mínimos para ter dereito a bolsa son:

$$CM = \frac{CF + CT - CL}{NA + 1}$$



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Onde:

CF: Créditos de complementos de formación que deberá realizar o alumno segundo a titulación de 1º ciclo. Non se terán en conta os complementos validados ou os que o alumno teña cursados no 1º ciclo.

CT: Número de créditos que configuran a titulación do 2º ciclo.

CL: Créditos de libre configuración que se realizarán na titulación do 2º ciclo.

NA: Número de anos en que está configurado o plano de estudos de 2º ciclo (dous anos).

CM: Número de créditos mínimos dos que se hai que matricular para obter a bolsa.

4. Excepcionalmente, no caso de que os planos de estudio, ou a normativa propia da Universidade, limiten o número de créditos nos que poida quedar matriculado o alumno, poderá obterse bolsa, cando se matricule de tódalas materias ou créditos que lle sexa posible, aínda que non acaden o mínimo. Neste suposto, só se poderá gozar da condición de bolseiro durante dous anos máis dos establecidos no correspondente plano de estudos no caso de ensinanza técnica superior, e de un ano máis, no caso dos demais estudos universitarios. En todo caso, deberánse cumprir os demais requisitos académicos que establece a convocatoria.

TERCEIRO.- Cómputo de materias ou créditos

1. As materias cuatrimestrais contan como media materia para tódolos efectos. As materias ou créditos validados ou adaptados non se terán en conta para ningún efecto.
2. Non poderán formar parte dos mínimos esixidos materias ou créditos que superen os necesarios para a obtención da titulación correspondente.
3. No caso de matrícula nun número de créditos/materias superior ó mínimo, todos eles serán tidos en conta para a valoración dos requisitos académicos, tamén as materias/créditos de libre elección. Os créditos das materias optativas imputados a libre configuración serán computables para tódolos efectos.

CUARTO.- Cambio de estudio, adaptacións e traslados

1. No caso de perda de cursos lectivos por cambio de estudos cursados, total ou parcialmente, como bolseiros non se poderá volver a gozar de ningún tipo de axuda por un número de anos igual ó gozado nos estudos anteriores como bolseiro.
2. O requisito académico esixible para os que abandonan/cambian estudos será o do último curso académico dos estudos abandonados, excepto os alumnos que concorran a mellorar a nota das PPAU, que poderán facer uso desta última cualificación.
3. Para os alumnos procedentes doutras universidades que continúan os mesmos estudos nesta Universidade, os requisitos que se terán en conta serán os correspondentes á universidade de orixe.
4. Non teñen a consideración de cambio de estudos as adaptacións ós novos planos de estudio das mesmas ensinanzas, debendo cumprir o alumno os requisitos académicos establecidos con carácter xeral.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO II. REQUISITOS ACADÉMICOS PARA A CONCESIÓN DE BOLSA ÓS ALUMNOS DE SEGUNDO OU POSTERIORES CURSOS, OU REPETIDORES DE PRIMEIRO. CURSO 2003/2004

TITULACIÓNS RENOVADAS

CAMPUS NORTE

TITULACIÓN	Nº MÍNIMO CREDITOS ^o MATRICULADOS.	CRÉDITOS PTES.	NOTA MEDIA
Admón. E Dirección Empresa- 1993	58	12	5
Admón. E Dirección Empresa- 2002	54	11	5
Comunicación Audiovisual	68	14	5
Economía- 1993	59	12	5
Economía- 2002	54	11	5
Enfermería	68	14	5
Filoxias (tódalas titulacións)	54	11	5
Medicina	79	16	5
Mestres (tódalas especialidades)	61	12	5
Odontoloxía- 1990	85	17	5
Odontoloxía- 2000	60	12	5
Traballo Social	58	12	5
Xornalismo	67	13	5

CAMPUS SUR

TITULACIÓN	Nº MÍNIMO CREDITOS ^o MATRICULADOS	CRÉDITOS PTES.	NOTA MEDIA
Bioloxía	54	11	5
CC.Políticas e da Admón.- 1991	56	11	5
CC.Políticas e da Admón.- 1999	54	11	5
Dereito	54	11	5
Educación Social- 1994	62	12	5
Educación Social- 2001	59	12	5
Enx.Téc.Informática de Sistemas	65	26	4
Enxeñeiro Químico- 1994	56	22	4
Enxeñeiro Químico- 2002	58	23	4
Farmacia- 1994	60	12	5
Farmacia- 1999	57	11	5
Filosofía	54	11	5
Física- 1993	68	14	5
Física- 2001	54	11	5
Historia	54	11	5
Historia del Arte	54	11	5
Matemáticas	54	11	5
Óptica e Optometría- 1993	75	15	5
Óptica e Optometría- 1999	59	12	5
Pedagogía- 1996	65	13	5
Pedagogía- 2001	68	14	5
Psicoloxía- 1993	56	11	5
Psicoloxía- 2001	54	11	5
Psicopedagogía- 1994	62	12	5



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Psicopedagogía- 2001	59	12	5
Química	54	11	5
Relacións Laborais	58	12	5
Xeografía	54	11	5

CAMPUS DE LUGO

TITULACIÓN	N ^{oa} MÍNIMO ^{oo} CRÉDITOS MATRICULADOS	CRÉDITOS PTES.	NOTA MEDIA
Admón. E Dirección Empresa (2º ciclo)	54	11	5
CC.Empresariais	59	12	5
CC. e Tecnoloxia dos Alimentos(2º ciclo)	59	12	5
Enfermería- 1996	70	14	5
Enfermería- 2000	68	14	5
Enxeñeiro Agrónomo	65	26	4
Enxeñeiros de Montes	64	26	4
Enx.Téc. Agrarias e Aliment.- 1992	74	30	4
Enx.Téc. Explot.Agropecuarias - 1992	74	30	4
Enx.Téc. Explot.Forestais- 1992	73	29	4
Enx.Téc. Hortofrútic. E Xard.- 1992	74	30	4
Enx.Téc. Mec.Agrar. e Constr.R.- 1992	74	30	4
Enx.Tec. Agrícolas- 2002 (Tódalas especialidades).	66	26	4
Enx.Téc. de Obr. Públ. Especialidade en Transportes e Servicios Urbanos.	66	26	4
Enx.Téc. Química Industrial	66	26	4
Enx.Téc. en Topografía	66	26	4
Filoloxía Hispánica	54	11	5
Humanidades	54	11	5
Mestres (tódalas especialidades)	61	12	5
Química (2º ciclo)	59	12	5
Relacións Laborais	58	12	5
Veterinaria	72	14	5

TITULACIONES NON RENOVADAS

TITULACIÓN	N ^{oa} MÍNIMO MATERIAS MATRICULADAS	MATERIAS PTES.	NOTA MED.
Lcdo. en Medicina	4	1	5
Lcdo. en Derecho	5	1	5
Lcdo en Veterinaria	5	1	5

* No caso de matricularse de menos materias/créditos das sinaladas, ben porque a Normativa da Universidade limita as materias/créditos nas que poida matricularse o alumno, ou ben porque, ó abeiro do plano de estudos, o curso teña menos, considérase que o alumno reúne os requisitos de matrícula mínimos sempre que se matricule de tódalas que lle sexa posible. Consulta-lo caso na Sección de Bolsas.

Poderá ser concedida condicionalmente a bolsa se o alumno, no momento da matrícula non cumpre o mínimo de créditos matriculados, pero si reúne este requisito ó remata-lo curso.